

Péchase a fosa de Grandal (Vilarmaior) co retiro de cinco corpos exhumados.

Escrito por

Martes, 18 Outubro 2011 21:09



Co retiro dos restos exhumados polo equipo arqueolóxico do IEM, dirixido por Xosé Lois Vilar, pechouse a fosa común no cemiterio de San Pedro de Grandal (Vilarmaior) na tarde deste martes 18 de outubro. Aos dous cadáveres atopados na xornada do venres 15, sumáronse os restos doutras tres persoas, todos eles pendentes de identificar por parte das unidades forenses. Xunto cos restos, foron atopados unha moeda, unha medalla, un chisqueiro, un calzado, minas de grafito, e unha folla escrita que poden ser de utilidade na seguinte fase de identificación dos corpos.

A orixe desta pescuda estivo no reclamo feito polo ex deputado no Congreso de Deputados polo BNG Francisco Rodríguez, quen busca ao seu avó, o ebanista Xosé Rodríguez Braxe, fusilado o 15 de setembro do 36, coñecido en Cabanas como Luxo. Logo, uniuse Olimpia Varela, quen intenta recuperar os restos do seu tío, Manuel Varela González, agrarista, morto o 11 de setembro de 1936. Pero na fosa tamén se atoparon máis corpos. Isto xunto con testemuñas da época, acercou a familiares doutra vítima da represión, Joaquín Rodríguez Rodríguez, comerciante, representante de máquinas de escribir e dunha estafeta de correos. Fora fusilado naquelas datas e o seus netos queren saber si se encontra nesta fosa.

Os estudos anatómicos forenses destes restos localizados estarán agora baixo responsabilidade de Fernando Serrulla, do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). Posteriormente procurarase a identificación dos restos a través dunha comparativa do ADN cos dos seus descendentes. Estes traballos estarán dirixidos por Ángel Carracedo, director do Instituto de Medicina Forense da Universidade de Santiago de Compostela.

Péchase a fosa de Grandal (Vilarmaior) co retiro de cinco corpos exhumados.

Escrito por

Martes, 18 Outubro 2011 21:09

